

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 11-18

Naquel tempo, María Madalena quedara ó pé do sepulcro, na parte de fóra, chorando. Sen deixar de chorar, abaixouse a ollar no sepulcro. Viu dous anxos de branco, sentados, un á cabeceira e outro ós pés do sitio onde xacera o corpo de Xesús.

Eles preguntáronlle:

– «Muller, ¿por que choras?»

Ela respondeulles:

– «Porque colleron o meu Señor e non sei onde o puxeron.»

Dito isto, virose cara atrás e viu a Xesús alí de pé, pero sen se decatar de que era el. Xesús preguntoulle:

– «Muller, ¿por que choras? ¿A quen buscas?»

Ela, coidando que era o xardineiro, díxolle:

– «Señor, se o levaches ti, dime onde o puxeches, que eu o collerei.»

Xesús díxolle:

– «¡María!»

Ela, virándose, exclamou en hebreo:

– «¡Rabbuni! (que quere dicir "Mestre").»

Xesús díxolle:

– «Sóltame, que aínda non subín onda o Pai; máis ben, vai onda os meus irmáns e dilles: "Subo onda meu Pai e voso Pai, o meu Deus e o voso Deus".»

María Magdalena foilles contar ós discípulos que vira o Señor, e que lle dixera estas cousas.